



BOLETÍN *du nio*

tod@ nen@ merece unha familia... en días

acoller

é a resposta

Samanta Villar - 07.07.2025



O 30 de maio, O congreso dos Diputados acolleu a primeira Xornada Parlamentaria sobre o Acollemento Familiar, organizada pola Asociación Estatal do Acollemento Familiar (ASEAF)

Durante as xornadas, presentáronse testimonios de familias de acollida e xoves que pasaron polo sistema de protección infantil. Uno dos relatos máis conmovedores foi o de Nayma, unha persoa moza de 25 anos á que poide coñecer.

... No 2022 logrou algo que parecía imposible: acoller a seu irmán pequeno, Mikel, tras denunciar a súa situación.

[Artículo14](#)



Xuntanzas en familia e Petales

Os pasados días 6 e 16 de xuño tiveron lugar en Santiago de Compostela e A Coruña dúas xuntanzas en familia organizadas por Acougo, coa colaboración da asociación Petales. Estes encontros foron pensados como espazos de acompañamento e reflexión para as familias acolledoras de Galicia, centrados na comprensión da adversidade temperá e no fortalecemento dos vínculos afectivos.

Na xuntanza de Santiago, celebrada o día 6, Petales achegou unha visión teórica e divulgativa sobre os efectos da adversidade temperá na infancia. A través dunha charla clara e próxima, explicaron como experiencias como a separación familiar, o abandono, a violencia ou a falta de coidado emocional poden deixar unha fonda pegada no desenvolvemento dos nenos e nenas. Tamén se destacou a importancia dun apego seguro como ferramenta de protección e de construción da resiliencia, ofrecendo claves para identificar sinais de apego inseguro e orientando sobre como traballar desde a familia para favorecer relacións máis estables e confiábles.

Pola súa banda, o encontro da Coruña, celebrado o día 16, tivo un formato máis dinámico e participativo. As familias asistentes participaron en talleres prácticos guiados por profesionais de Petales, nos que se traballaron estratexias para mellorar a comunicación emocional, manexar condutas difíciles e reforzar os vínculos afectivos no día a día. A interacción entre as persoas asistentes favoreceu un clima de confianza no que compartir inquedanzas e vivencias reais, xerando unha rede de apoio mutuo moi valiosa.

Ambas xuntanzas puxeron de manifesto a necesidade de seguir creando espazos formativos e vivenciais para as familias acolledoras, que moitas veces se enfrontan a desafíos complexos derivados das vivencias previas das crianzas. A colaboración entre Acougo e Petales permitiu achegar coñecementos especializados dun xeito accesible, reforzando o compromiso con unha crianza consciente, empática e baseada no vínculo.

www.petalesespaña.org



PETALES
España
Asociación Ayuda Mutua
ADVERSIDAD TEMPRANA Y APEGO



ACOUGO
Asociación galega de familias de acollida



O noso traballo

outras xuntanzas

Os días 7 e 14 de xuño tiveron lugar en Corcubión e A Pobra do Caramiñal dúas xuntanzas organizadas por Acougo, centradas na realidade do acollemento familiar e coa colaboración dos concellos, cuxo apoio foi clave para achegar esta realidade á veciñanza.

Durante os encontros falou-se da importancia de visibilizar o acollemento como unha alternativa necesaria para garantir o benestar de nenos e nenas que non poden vivir coas súas familias de orixe. Tamén se destacou o papel fundamental dos concellos na difusión, apoio e acompañamento das familias acolledoras.

As xuntanzas serviron tamén para resolver dúbidas, desmitificar ideas preconcebidas e achegar testemuños reais de familias que viven o acollemento no seu día a día. Estes espazos de encontro fomentan unha comprensión máis profunda e humana da crianza dende o afecto, o compromiso e a responsabilidade compartida.

En definitiva, estas iniciativas reafirman a necesidade de continuar traballando man a man coas administracións locais para construír unha Galicia máis acolledora, onde todas as familias teñan voz, espazo e apoio para seguir coidando con corazón.



O noso traballo

Transicións no sistema de protección

Javier Múgica

O pasado 11 de xuño, Acougo organizou unha formación para profesionais do sistema de protección da infancia coa participación de Javier Múgica Flores, experto reconecido neste ámbito. A sesión, celebrada na Oficina 11 en Vigo, levaba por título: “As transicións como espazos de acompañamento, coidado e reparación para nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección.” Durante a xornada, Múgica abordou a importancia de xestionar con sensibilidade os cambios que viven as crianzas dentro do sistema —xa sexa entre centros, acollementos ou outras etapas—,

entendéndoos como momentos clave para a reparación emocional. Subliñou prácticas fundamentais como a planificación coidada, o acompañamento emocional e a coordinación entre servizos.

A formación, organizada por Acougo Aprender, contou cunha alta participación de profesionais do terceiro sector e da administración, que valoraron moi positivamente as ferramentas ofrecidas para humanizar os procesos de tránsito no sistema.

Iniciativas como esta reflicten o compromiso de Acougo por construír un sistema máis respectuoso cos dereitos e necesidades das crianzas, onde cada cambio vital se trate como unha oportunidade de coidado e dignidade.

O noso traballo

peche do apoio escolar 24/25

O pasado día de peche do apoio escolar foi unha xornada moi especial para Acougo, na que compartimos momentos lúdicos e cheos de complicidade cos nenos, nenas e adolescentes que participan neste servizo. Aproveitamos para despedir o curso escolar creando xuntos un lienzo colectivo, unha obra feita con ilusión e agarimo que quedará como recordo de todo o vivido.

Este espazo de apoio non é só un lugar para reforzar aprendizaxes académicas, senón tamén un punto de encontro seguro, de acompañamento emocional e de creación de vínculos. Sabemos que moitas crianzas atopan aquí unha rede de apoio estable, onde sentirse escoitadas, valoradas e acompañadas no seu camiño.

O apoio escolar é unha peza clave para garantir a igualdade de oportunidades, e por iso queremos seguir medrando. De cara ao vindeiro curso, agardamos contar con máis persoas voluntarias e máis familias comprometidas, que queiran formar parte deste proxecto tan necesario. Entre todas, seguiremos creando espazos onde aprender, medrar e compartir. Grazas a todas as persoas que fixestes posible este curso. Vémonos en setembro, con novos retos e moita enerxía!



Portas que abren historias

O pasado 17 de xuño, a campaña “Puertas que abren historias” da Asociación Estatal de Acogimiento Familiar (ASEAF) chegou a Santiago de Compostela da man de Acougo, co obxectivo de visibilizar o dereito de máis de 870 nenos, nenas e adolescentes que viven en centros de acollida en Galicia a medrar nun entorno familiar.

Na Alameda compostelá instaláronse máis dunha decena de portas e felpudos, simbolizando a acollida, a esperanza e a apertura dos fogares como espazos de coidado e afecto. Esta acción de rúa pretendeu achegar á cidadanía a realidade do acollemento familiar, animando a máis persoas a informarse, implicarse e valorar esta opción como unha alternativa real e transformadora.

O acto contou coa presenza institucional da conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, da alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, así como de Jacobo Rey, director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, e outras representantes políticas locais e autonómicas. Durante os parlamentos, destacouse o compromiso das familias de acollida, que abren non só as súas casas, senón tamén os seus corazóns, ofrecendo estabilidade e afecto a menores que non poden vivir coas súas familias de orixe.

Un dos momentos máis emotivos da xornada foi a performance de baile organizada polo grupo Mandala, que a través da danza expresou de forma sensible e potente o que significa acoller: a apertura, a ruptura da soidade e a construción de novos vínculos. A súa mirada artística do acollemento conseguiu emocionar ás persoas asistentes e dar voz, sen palabras, á experiencia dos nenos e nenas que transitan o sistema de protección.

Actualmente en Galicia hai 1 022 menores vivindo en acollemento familiar fronte a máis de 700 en centros residenciais, e a Xunta mantén o obxectivo de que polo menos o 70 % da infancia en protección poida crecer no seo dunha familia. A campaña, xa desenvolvida noutras cidades como Madrid ou Toledo, está contribuíndo a poñer en primeiro plano esta necesidade social e institucional.

“Puertas que abren historias” é unha acción simbólica e poderosa que lembra que detrás de cada porta pode comezar unha nova historia para un neno ou nena. Historias de coidado, de acompañamento e de novas oportunidades. En Santiago, esta intervención deixounos unha mensaxe clara: precisamos máis familias dispostas a acoller e máis concellos, entidades e persoas comprometidas cunha infancia protexida, digna e con futuro.





BIENVENIDOS

Acougo
Asociación Galega de Familias de Acolida

CAMPAMENTO AGARIMOS

Comparte o teu tempo e solidariedade ao carón de crianzas do sistema de protección.

26 AGOSTO - 04 SETEMBRO

C.X. 'Os Chacotes' (Palas de Rei)

687 861 741

voluntariado@acougo.gal

www.acougo.gal

BUSCAMOS VOLUNTARIADO!!

BUCAMOS VOLUNTARIOS PARA O NOSO CAMPAMENTO

A Asociación Galega de Familias de Acolida, ACOUQO, organiza este verán o campamento "Agarimos" dirixido a nenos e nenas en proceso de acollemento. A Xunta de Galicia colabora con este proxecto, que ten como obxectivo ofrecerlles un espazo de convivencia, ocio e apoio emocional nun ambiente seguro e afectuoso.

Precisamos persoas voluntarias para participar nas actividades lúdicas e deportivas e axudar na coordinación e no coidado dos pequenos durante a estadia no campamento.



anuncios importantes

LEVA O RECUNCHO SOLIDARIO A TEU CONCELLO

Desde ACOUQO achegamos ás vilas galegas o Recuncho Solidario, un espazo informativo e vivencial onde falamos do acollemento familiar e das necesidades reais das nenas, nenos e adolescentes que forman parte do sistema de protección.

Se formas parte dunha asociación, concello, centro educativo ou simplemente queres implicarte, podes contactar connosco para organizar unha xornada co Recuncho Solidario no teu entorno.

Entre todas e todos podemos sementar conciencia e agarimo 💙



Acougo
Asociación Galega de Familias de Acolida

RECUNCHO SOLIDARIO

- O XOGO DE ACOUGO
- STAND INFORMATIVO
- MERCHANDISING

Leva a cultura do acollemento a teu pobo, concello ou vila.

CONTACTA CON NOS:

Tlf: 622 672 188
email: info@acougo.gal

www.acougo.gal



1

Moitas grazas pola túa
colaboración e apoio á
entidade.

contáctanos

Rúa Manuel María, 6
CP: 15705
Santiago de Compostela
+34 622 672 188
@acougo.gal
info@acougo.gal
www.acougo.gal